

Guía rápida do usuario de Aqueiro

The screenshot displays the Aqueiro user interface. At the top left, it features the logo of the Xunta de Galicia and the text 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL'. The top right corner shows the 'aqueiro' logo. Below the header, the text 'comunidades educativas virtuais' is displayed. The main content area is divided into three columns, each with a colored puzzle-piece icon: 'crear' (red) with book icons and the text 'Crea o teu portafolio'; 'compartir' (orange) with a hand icon and the text 'Xestiona a túa privacidade'; and 'colaborar' (green) with a group of people icon and the text 'Busca amigos e grupos'. Below each icon is a brief description of the feature. On the right side, there is a login form titled 'Abrir sesión' with a help icon. It includes a red note: 'O símbolo (*) indica dato obrigatorio'. The form has two input fields: 'Nome de usuario: *' and 'Contrasinal: *', both with asterisks indicating they are required. A blue 'Abrir sesión' button is located at the bottom of the form. At the bottom of the page, there is a footer with the 'amtega' logo and the text 'Axencia para a Modernización Tecnolóxica', along with links for 'Termos e condicións', 'Política de privacidade', and 'Acerca de'.

<https://aqueiro.xunta.gal>

Que é Agueiro

Agueiro é unha plataforma en liña que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, ofrecen aos centros educativos galegos como ferramenta para poder crear a súa propia *comunidade educativa virtual* onde poderá participar todo o profesorado e alumnado do propio centro.

Agueiro combina as funcionalidades de **portafolio dixital educativo** + **rede social educativa**.

A quen vai dirixido

1. Profesorado

Todo o profesorado dos centros educativos de Galicia de ensino non universitario, pode acceder ao seu espazo persoal en Agueiro con só introducir os seus datos de identificación corporativa, é dicir, o mesmo **usuario** e **contrasinal** que usa para acceder á súa conta de correo electrónico "usuario@edu.xunta.gal".

2. Centros educativos

Os centros educativos que o soliciten, poderán dispoñer da súa propia *comunidade educativa virtual* dentro de Agueiro, da que poderán formar parte tanto os profesores como os alumnos do propio centro.

Cada unha destas comunidades terá o seu propio *administrador* (un responsable do centro educativo) e os seus propios *xestores* (o profesorado do centro) que serán os encargados de realizar o mantemento e a xestión íntegra da súa comunidade.

As comunidades proporcionan funcionalidades adicionais aos usuarios que pertencen a elas, como son a creación de grupos, contidos específicos dos grupos, ferramentas colaborativas, foros de debate, ...etc

3. Alumnado

Os centros educativos que xa dispoñan dunha *comunidade educativa virtual* en Agueiro, poden dar de alta ao seu propio alumnado.

Os alumnos/as, dispoñen do seu propio espazo persoal privado así como tamén teñen acceso a todas as funcionalidades propias das comunidades.



Rede social educativa

Como rede social educativa, Agueiro proporciona un entorno dixital seguro e fiable onde tanto o profesorado como o alumnado poden interactuar e crear as súas propias comunidades educativas en liña.



Portafolios dixital

Como sistema de portafolios dixital, Agueiro ofrece unha plataforma onde todo o alumnado pode crear a súa propia estrutura de *evidencias de aprendizaxe permanente* que poden ser almacenadas en formato dixital. Todas estas evidencias, en Agueiro chámanse *artefactos*.

Pero **Agueiro** é moito máis:

Sistema de blogs, espazo de almacenamento persoal, grupos, foros de debate, ferramentas colaborativas, ...



Como se traballa en Aqueiro

Imaxina que tes unha caixa onde vas gardando e clasificando todo o teu traballo. Nesa caixa irás metendo os textos que escribiches, as túas presentacións, as fotos que fixeches, os teus debuxos, os teus vídeos ... e moitas outras cousas.

A todas estas cousas, en Aqueiro chamámoslles “**Artefactos**”.

Todos estes artefactos están na túa caixa, así que ninguén máis pode velos porque a túa caixa de artefactos é privada e só ti podes acceder a ela.

A esta caixa, en Aqueiro chamámoslle “**Contidos**”.



Como se traballa en Agueiro

As **páxinas** e as **coleccións de páxinas** forman o **portafolio** do usuario.

Para que outros usuarios de Agueiro poidan ver e valorar o teu traballo (outros usuarios, os teus compañeiros, os teus profesores, ...) debes crear **Páxinas** nas que poderás colocar algúns dos artefactos que tes na túa caixa e que demostran todo o que traballaches sobre un determinado tema.

Podes crear tantas **páxinas** como queiras.


Tanto as páxinas como as coleccións poden ser **compartidas con outros usuarios**.
Ti decides que tipo de permisos lles das aos demais para acceder ás túas páxinas.



Este entorno de traballo ofrece aos usuarios unha gran flexibilidade para decidir como desexan mostrar os seus contidos aos demais.

Como se crea unha páxina

1. Accede ao menú “**Portafolio - Páxinas e coleccións**”
 2. Selecciona a opción “**Páxina**”
 3. Desde o menú da esquerda (que conecta coa túa **caixa de contidos**) fai clic e arrastra os elementos que queiras ata a área de edición.
- Botón “**Compartir**”>: permite decidir con quen queres compartir esta páxina
 - Botón “**Axustes**”>: permite cambiar a configuración e as características da páxina




O entorno de traballo de Agueiro

En Agueiro ti controlas que elementos e que información do teu **portafolio** poden ver outros usuarios.

Estes elementos de información (artefectos) poden ser mostrados por medio das **páxinas** a outros usuarios ou aos grupos nos que participes.

Por exemplo, podes crear unha páxina que conteña o teu blog persoal para mostrarlles aos teus amigos, outra páxina que conteña o proxecto no que estás traballando para mostrarlle aos teus profesores, outra páxina para enviarlle ao grupo do que formas parte, ... etc.

Podes crear tantas páxinas e coleccións como queiras e ti decides con quen compartes cada unha delas.




O entorno social de Aqueiro

Aqueiro tamén proporciona un entorno de rede social onde todos os usuarios poden relacionarse entre sí formando parte dos distintos **grupos** que se poden crear.

Unicamente os profesores (**xestores**) e os responsables das comunidades (**administradores**) poden crear grupos, pero todos os usuarios poderán unirse a aqueles grupos onde se lles permita o acceso.

A estrutura de grupos pode reproducir a estrutura do propio centro educativo (ensinanzas, niveis educativos, materias ...) ou pode responder a calquera outro criterio organizativo.

A páxina de inicio do grupo é o seu espazo principal, desde onde os membros do grupo poden acceder aos distintos elementos e ferramentas propios do grupo: **blogs**, **ficheiros**, **cartafoles**, **páxinas**, **coleccións**, **foros de debate**.



menú do grupo

